

CURSOS PARA A AVOGACÍA

Lugo, novembro do 2017

Prezados compañeiros e compañeiras:

Como xa sabedes, este ano supuxo unha particularidade no funcionamento habitual da formación do Consello.

Por unha banda, centrámonos en dúas actividades presenciais de comunicación, que supuxeron un esforzo engadido de coordinación e difusión.

Por outra banda, desde antes do verán comezamos un proceso de modernización da aula virtual, que precisou de numerosas actualizacións para chegar á versión actual, que permite unha imaxe máis atractiva e uns parámetros de seguridade máis robustos.

Unha vez solventadas as incidencias propias dos cambios desta envergadura, podemos proceder á apertura de novas accións formativas. Mentres non puidemos habilitar a plataforma con normalidade, estivemos traballando na preparación de varios cursos, polo que en breve ampliaremos a oferta formativa.

Polo momento, informámosvos da apertura de matrícula de dous cursos, novamente en colaboración coa editorial Thomson Reuters Aranzadi:

- ~ **Curso Práctico de Especialista en Contabilidade** (90 horas).
- ~ **Curso de Especialista en Valoración de Danos e Perdas Causados ás Persoas en Accidentes de Circulación** (60 horas).

Ambos os dous, impartidos integramente en liña, teñen un carácter eminentemente práctico, polo que esperamos que os titores teñan un papel moi activo na resolución de dúbidas do alumnado. Por este motivo, acordamos a colaboración con dous profesionais con ampla experiencia nas materias impartidas.

Agardamos que estas propostas formativas sexan do voso interese. Todo o Consello fica ao voso dispor para calquera dúbida ou observación.

Unha forte aperta.



Félix Mondelo Santos
Presidente do Consello da Avogacía Galega